

V. O MUNDO DO SOBRENATURAL



En primer lugar, venera a los dioses y celebra la ceremonia anual de la gran Ceres, sacrificando en medio de las plantas lozanas, hacia la terminación del invierno, cuando ya es primavera serena. Entonces los corderos están gordos y los vinos muy suaves; entonces los sueños son dulces y las sombras de los montes tupidas. Toda la juventud del campo junta debe adorar a Ceres contigo; diluye tú en su honor panales de miel con leche y vino dulce. Marche tres veces por las cosechas nuevas la víctima propiciatoria, acompañada del coro entero de tus compañeros en fiesta, que a gritos llamarán a Ceres al interior de las casas. Y que nadie meta la hoz a las espigas maduras hasta que con las sienes ceñidas con una vareta retorcida de encina ejecute unos pasos improvisados en honor de Ceres, y le cante canciones.

VIRGILIO, *Geórgicas* I, 338-351

É complicado comprendermos a relixión antiga. Non había diferenza entre o relixioso e o profano. Todas as actividades tiñan senso relixioso, as públicas e as privadas. A participación nos ritos relixiosos facía que os cidadáns se sentisen membros da comunidade. Calquera iniciativa debía primeiro contar coa aprobación dos deuses: a sementeira, a guerra, unha viaxe ou calquera tarefa cotiá. Crían que toda a natureza estaba poboada de entes divinos que se manifestaban aquí e acolá, e era preciso conseguir o seu apoio. Os ritos debían ser celebrados con meticulosidade e rigor, pois podía ser que o deus se incomodase e provocase algún mal.

▣ OS DEUSES GREGOS

A relixión era unha das marcas de identidade dos gregos. Distinguíanse dos demais por falaren a mesma lingua e por creren nos mesmos deuses. Mais igual que a lingua grega era un conxunto de dialectos parecidos, e que non existía un Estado central, senón pequenos estados, os deuses recibían cultos diferentes: Atenea en Atenas, Hera en Argos, Apolo en Corinto, Ártemis en Esparta.

Os principais deuses gregos (οἱ δῶδεκα) representaban as forzas da natureza. Os fenómenos atmosféricos anunciaban a presenza de Zeus, deus da bóveda celeste e pai dos deuses. Poseidón, seu irmán, representaba a forza do mar e dos terremotos. Hades, o outro irmán, dominaba o inframundo dos mortos. Ares era a violencia e a guerra; Apolo, a sabedoría e as artes; Hermes, o comercio, os ladróns e as viaxes; Hefesto, a fragua e a artesanía. Das deusas, a máis destacada era Atenea, filla da cabeza de Zeus, que representaba tamén a sabedoría e o valor dos heroes; Hera, irmá e esposa de Zeus, era a deusa do matrimonio; Deméter, cuxo nome significa Terra nai, era a deusa da fertilidade da terra e da natureza; Ártemis representaba o aspecto salvaxe da natureza: feras e a caza; Afrodita, representaba o amor; Dioniso ou Baco, era o deus do viño e do teatro.

Todos formaban unha familia e habitaban en palacios na cima do Olimpo, a montaña máis alta de Grecia. (deuses olímpicos, relixión olímpica). Coma todas as familias había tensións entre eles e discusións. Por riba de todos Zeus exercía o seu poder absoluto.

Os gregos crían tamén na existencia de deuses menores e anónimos que interviñan nos asuntos humanos como protectores; ademais había unha morea de divindades asociadas coa natureza: ninfas das augas e dos montes, Pan, deus dos rabaños, etc.

▣ OS ORÁCULOS

Crían tamén que os deuses revelaban a súa vontade aos homes por medio de soños, aparicións, oráculos ou sinais extraordinarios. Para iso era necesaria a presenza de adiviños, que interpretaban a vontade dos deuses. Os homes oraban e facía ofrendas aos deuses para conseguiren aquilo que desexaban: boa colleita, saúde, sorte nos negocios, etc...

Existiron moitos santuarios onde os deuses daban respostas (oráculos) ás preguntas dos homes, mais de todos o máis famoso foi o oráculo de Delfos, santuario de Apolo que era considerado o centro do mundo. Tivo enorme influencia en toda a vida grega, tanrto no persoal como en decisións estricteamente políticas. A voz das pitonisas, as sacerdotisas de Apolo que pronunciaban os oráculos, escoitouse durante mil anos. Velaquí o derradeiro oráculo conservado, dado ao emperador Xuliano o Apóstata no século IV d.C.:

*“Dille ao emperador que o meu templo caeu ao chan.
Febo Apolo xa non ten casa, nin loureiro adiviñador,
nin fonte profética; a auga secou.”*

❑ A RELIXIÓN ROMANA

O benestar completo estaba nas mans dos deuses. Para trataren con eles, os romanos tiñan unha serie de métodos que demostraran ser eficaces se se realizaban con exactitude: oración, sacrificio e adiviñación. Se se omitía algún detalle durante as cerimoniais era preciso comezar de novo. O que importaba era a precisión, non a disposición moral da persoa con respecto da divindade.

O sacerdocio era vitalicio, distinguía socialmente e influía na política. Os principais sacerdotes eran os pontífices e os augures. Os **pontífices** tiñan a autoridade sobre o calendario e estaban presididos polo pontífice máximo. Estaban tamén as **vestais**, virxes encargadas de manter o lume sagrado do templo de Vesta, deusa do fogar e por extensión do Estado romano; os **flámines** eran os sacerdotes encargados de cada deus particular: *flamen dialis* (Xúpiter < *diu-pater), *flamen martialis* (Marte), etc.

Os deuses romanos son unha amálgama de deuses indíxenas itálicos coma os deuses domésticos **lares** e **penates**, protectores do fogar; os **manes**, espíritos dos mortos; Fortuna, deusa da boa sorte, Pomona, deusa dos froitos, etc. Sobre ese substrato itálico superpuxéronse os deuses gregos adaptados ao espírito romano. Posteriormente chegaron deuses orientais como Cibeles, Isis, Mitra ou Cristo.

Respecto da adiviñación, os romanos interpretaban os sinais dos deuses de dúas formas: os **augures** interpretaban o voo das aves e os raios (**auspicio**), os **harúspices** interpretaban os sinais diviños observando o fígado dos animais sacrificados; outra forma de coñecer a vontade dos deuses era a interpretación dos soños.

❑ RELIXIÓNS MISTÉRICAS

Fóra da reixión oficial, existiron outros cultos ou misterios, procedentes de Oriente (Siria, Exipto, etc.). Diferenciábanse da relixión olímpica e da romana porque estes cultos falaban do alén, da resurrección, da salvación, de igualdade e fraternidade entre todos, etc. Non extraña, pois, que se expandiran logo polo mundo clásico. Os fieis eran iniciados no culto con cerimoniais especiais (xexúns, bautismo, etc.) e recibían a doutrina que constituía o cerne destas relixións. Formaban sociedades pechadas, case secretas, cuxos ritos estaban prohibidos aos non iniciados. Neste ambiente apareceu o cristianismo, perseguido ao principio, tolerado máis tarde (Edicto de Milán, ano 313) e despois relixión oficial do Imperio romano (Edicto de Tesalónica, ano 380):

“Constantino Augusto e Licinio Augusto (...) consideramos deber noso tratar daqueles asuntos relacionados co respecto á divindade, para dar aos cristiáns e a todos os demias a potestade de seguir a relixión que cada un queira.”

“Edicto dos emperadores Graciano, Valentiniano II e Teodosio Augusto (...) Queremos que todos os pobos que son gobernados pola administración da nosa clemencia profesen a relixión que o divino apóstolo Pedro deu aos romanos (...) Ordenamos que teñan o nome de cristiáns católicos os que sigan esta norma, mentres que os outros os xulgamos dementes e loucos (...) Os seus lugares de reunión non recibirán o nome de igrexas e serán obxecto, primeiro da vinganza divina, e despois serán castigados pola nosa propia iniciativa que adoptaremos seguindo a vontade celestial.”

A partir de Augusto e por influencia oriental, onde os reis eran considerados deuses ou fillos dos deuses, os emperadores romanos foron divinizados tras a súa morte. É o **culto ao emperador**, que era a relixión oficial e obrigatoria do Imperio ata a imposición do cristianismo.

■ O ALÉN

Nin a relixión olímpica nin a romana daban resposta a pregunta de se hai vida despois da morte. Segundo as súas crenzas, despois da morte, o individuo entraba nun mundo de sombras separadas do mundo real por ríos e lagos infernais. Alí era o reino de Hades e da súa esposa Perséfone, onde tres xuíces se encargaban de xulgar aos mortos. Só os grandes criminais coma Sísifo, Tántalo ou Ixión padecían castigos eternos, os demais vivían triste na sombra; os máis afortunados eran destinados aos Campos Elíseos, un lugar ameno de bosques e prados, aire puro e sol. Con todo só accedían aquí os heroes, os poetas, os artistas e os bos.

Non extraña que as relixións mistéricas triunfasen con relativa facilidade no mundo clásico: falaban da vidas despois da morte, prometían premios e castigos e falaban da vida eterna (relixións de salvación).



■ SUPERSTICIÓN E MAXIA

Gregos e romanos eran supersticiosos e crían no mal de ollo, en bruxas, no lobishome, monstros e fantasmas. A astroloxía e os horóscopos eran consultados habitualmente. Para se defenderen dos feitizos practicaban a maxia e a consagración dos inimigos aos deuses infernais en forma de taboíñas de maldición que se botaban nas tumbas e nos pozos:

“Ó Senhora Mégara Invicta! Tu, que recibeste o corpo de Átis, digna-te receber o corpo daquele que levou as minhas bagagens, que mas roubou da casa de Hispano. Ofereço-te como dádiva o corpo e alma daquele para que eu encontre as minhas coisas. Se vier a encontrar esse ladrão, então prometo-te, ó Senhor Átis, um quadrúpede como vítima. Ó Senhor Átis, rogo-te, pelo teu Nocturno, que faças com que eu as obtenha quanto antes”.

Tabella Defixionis de Alcácer do Sal (Portugal)